

PASOLINI

[Abel Ferrara, 2014]

05

ESTREA EN NUMAX: 27.03.2015

FICHA TÉCNICA

Pasolini (2014, 87')

Dirección: Abel Ferrara

Guión: Maurizio Braucci, a partir dunha idea de Abel Ferrara e Nicola Tranquillino

Imaxe: Stefano Falivene

Montaxe: Fabio Nunziata

Son: Julien Momencau, Sylvia Moraes, Thomas Gauder

Dirección de arte: Igor Gabriel

Vestuario: Rossano Marchi

Reparto: Willem Dafoe (Pier Paolo Pasolini), Ninetto Davoli (Epifanio), Riccardo Scarmacio (Ninetto Davoli), Valerio Mastandrea (Nico Naldini), Adriana Asti (Susanna Pasolini), Maria de Medeiros (Laura Betti), Roberto Zibetti (Carlo), Andrea Bosca (Andre Fago), Giada Colagrande (Graziella), Damiano Tania (Pino), Francesco Siciliano (Furio Colombo), Luca Lionello (o narrador), Salvatore Ruocco (o político).

Producción: Capricci Production (Francia), Urania Pictures (Italia), Tarantula (Bélxica), Dublin Films (Francia), Arte France Cinéma (Francia).

Data da estrea en España: 20.03.2015

Distribución: Good Films / La Aventura

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

4:44 Last Day On Earth, 2011

The Addiction, 1995

Tenente corrupto, 1992

Anxo de Vinganza [Ms. 45], 1981

SINOPSE

Roma, novembro de 1975. O último día da vida de Pier Paolo Pasolini. A piques de rematar a súa obra mestra, continúa a crítica feroz da clase dirixente, pondo en perigo a súa vida. As súas declaracións alporizan, os seus filmes son perseguidos polos censores. Pasolini pasa as súas últimas horas canda a súa nai querida, cos seus amigos máis achegados, antes de partir, ao volante do seu Alfa Romeo, na procura dunha aventura na cidade eterna...

«Un retrato amoroso e aberto, un exercicio de admiración que é tamén un filme soberbio»

Emmanuel Burdeau, MEDIAPART



PASOLINI

[Abel Ferrara, 2014]

Carta a Moravia por Pier Paolo Pasolini

[A propósito de *Petróleo*]

Caro Alberto,
Envíocheme este manuscrito para che pedir consello. É unha novela. Mais non está escrito coma unha novela. A súa lingua é a dos ensaios, a dos artigos para as revistas, a das críticas, das cartas, da poesía mesmo. Velaquí a cuestión que che propoño: isto que escribín, abonda para expresar, digna e poeticamente, o que quixera expresar? Querería que tiveras en conta que o protagonista é tal e como é. E que malia as nosas historias se asemellaren, repúgneme. En realidade, esta novela xa non me fai servizo. Non é un alarido que proclame «Ei! Existo!», máis ben o limiar dun testamento. O balance dos poucos coñecementos que fun capaz de amorear. E é completamente diferente do que esperaba e mesmo do que imaxinaba.

Evan Louison entrevista Abel Ferrara

Achegueime ao tema do filme con moito respecto. Adoro o traballo deste home, adoro todo nel. A súa obra é indispensable. A súa morte, en 1975, causou verdadeiro escándalo por mor de todas as parvadas que rodearon o seu asasinato. Se fago balance, comencei seguramente a me preparar para este filme desde o propio día en que souben da súa morte. A materia que se empregou para *Pasolini* foron tanto os feitos do derradeiro día da súa vida coma os seus escritos, o seu libro inacabado *Petróleo* [sobre a corrupción da industria petrolífera italiana] e o guión que estaba a piques de filmar con Ninetto Davoli e Eduardo De Filippo, *Porno-Teo-Kolossal*.

Maurizio Braucci entrevista Willem Defoe

Centrarme nos seus últimos días deume unha estrutura. Non procurei nin imitar nin interpretar a persoa que el foi. Antes que nada, o filme é un relato de min propio habitando o acto e pensamento dun home que resultaba ser Pier Paolo Pasolini. Cando te deixas inspirar e educar por semellante pensador e visionario, os teus propios pensamentos

mudan, evolúen. (...) Empregamos os lugares propios onde sucedeu a vida de Pier Paolo Pasolini, tamén os seus obxectos e efectos persoais. Son reliquias cun enorme poder, unha maxia, fixéronme entrar en contacto co pasado. Era unha especie de médium convocando que algo sucedese mediante os meus xestos. El nunca agochou as distintas vidas que levou ao tempo, e porén ficaban separadas e discretas. Nada negaba: as distintas partes da súa vida nutríanse entre elas. Estaban ligadas. Era capaz de servir os amos do seu corazón así coma os do seu corpo, mesmo semellando contraditorios.

Notas sobre o guión por Maurico Braucci

Pasolini de Abel Ferrara é o froito dun guión moi elaborado. Procuramos crear unha historia arredor dun mito do século XX, un personaxe complexo e inmenso, durante os últimos días da súa vida (da medianoite e media do 31 de outubro ao 2 de novembro de 1975) sen caer no erro de facer un filme dirixido nada máis que aos nostálgicos e expertos no gran poeta de Casarsa. Este Pasolini debía existir especialmente para os máis novos —e Abel e máis eu mantivemos ese espírito todo o tempo durante as sesións de escrita e reescrita— un filme que non requira antes de entrar na sala ningún saber previo das particularidades biográficas do personaxe ao que iamos dar vida. (...) Impuxémonos dúas regras: respectar os feitos, o que implicaba só ter en conta os momentos verídicos das súas últimas horas, e só amosar os traballos que traía entre mans nos seus últimos días, e que polo tanto fican maiormente inacabados (...) Ferrara encabalgou os acontecementos realistas das súas últimas horas e os personaxes que figuraban no imaxinario dos escritos sobre os que traballaba Pasolini no final da súa vida: *Petróleo* (notas 55, 97, 98) e *Porno-Teo-Kolossal*.

A entrevista de Evan Louison con Abel Ferrara está enteira en <http://www.1985artists.com/>

Todo o contido procede do dossier de prensa orixinal de Capricci, accesíbel desde www.capricci.fr (tradución do francés de Ramiro Ledo Cordeiro).

MATERIAIS

LIBROS DE PIER PAOLO PASOLINI NA NOSA LIBRARÍA

Chavales del Arroyo. Nórdica
La divina mimesis. El cuenco de plata
Unha vida violenta. Huguin e Munin
Mamma Roma (DVD)
Cartas luteranas. Minima Trotta
Teorema. Edhasa
Amado mío. Seix Barral
Las cenizas de Gramsci. Visor
Escritos corsarios. Ediciones del Oriente y del Mediterráneo
Escritos corsarios. Edicións Positivas
Demasiada libertad sexual os convertirá en terroristas. Errata Naturae
Nueva York. Errata Naturae
Pasiones heréticas. El cuenco de plata
Nebulosa. Gallo Nero
Edipo. Sófocles | Hölderlin
(Libro + DVD). La Oficina

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org